

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS EMPRESA E XUNTA PAS
OEP 2019 - ACTA Nº 2

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefa de sección de PAS

Margarita González Hernández

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

José Estévez Vázquez (CCOO)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Federico A. Fdez. Fdez. (CIG)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)

Carlos Román Lago (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

XUNTA PAS

Xan M. Cebro Rodríguez (CIG, presidente)

María José Ríos Santomé (CIG)

Benedicta Expósito González (CIG)

Sofía Conde Casas (CIG)

Henrique Macías Cambra (CIG)

María Moreira Sendón (UGT)

Mónica Méndez López (UGT)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)


Rodrigo Alverte Pivida (CIG)-Escusa ausencia

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

Miguel Ángel García Barros (UGT)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral e Xunta de Persoal, mantiveron unha reunión ás 10:00h, do 3 de outubro de 2019 na Sala II do Edificio Miralles, coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.
2. Proposta de Oferta de Emprego Público e de Promoción do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo 2019
3. Rolda de intervencións.



1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.

Apróbase a acta nº2 correspondente á OEP de 2018 e asínase.

2. Proposta de Oferta de Emprego Público e de Promoción do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo 2019

A Xerenta comeza a reunión dicindo que xunto coa convocatoria se achegou unha proposta de OEP para o ano 2019. Lembra que hai que solicitar o informe á Dirección Xeral de Orzamentos e levalo a Consello de Goberno, polo que é conveniente empezar a ter negociacións sobre este tema. A Lei de Orzamentos Xerais do Estado segue a ser a de 2018 que establece unha taxa de reposición do 100%, polo que entrarían nesa taxa de reposición as 5 xubilacións (4 de funcionarios e 1 de persoal laboral). No que se refire ás prazas de Estabilización propóñense 19 prazas de persoal laboral e 8 de persoal funcionario e como procesos de promoción interna que non computan na taxa de reposición proponse 1 raza de TE de TIC e 2 de TE de servizos xerais. Indica tamén que todo o exposto está recollido na táboa resumo ao final da proposta.

O Vicexerente de Recursos Humanos di que se fixo unha consulta ao Ministerio de Facenda por 11 prazas de PAS Laboral, todas elas iniciadas con contrato de obra por se é posible incluílas na taxa de estabilización. Dende o Ministerio indícase que non son estruturais e aínda que as persoas que desempeñan o traballo seguen a ser as mesmas, non se confía demasiado en que nos envíen unha resposta favorable e as inclúan na taxa de estabilización.

Pablo Álvarez solicita que se explique cales son esas 11 prazas das que se fixo unha consulta.

O Vicexerente indica as prazas das que se fixo a consulta.

A Xerenta aclara que esta reunión é unha posta en común das propostas, non para cerrar nada. Posteriormente farase outra reunión onde se tenten chegar xa a acordos concretos.

O Presidente do Comité de Empresa de Ourense (CEO) di que aínda que están en funcións, si van a negociar a OEP 2019 maiormente por unha cuestión temporal. Di que, no que se refire ás 11 prazas consultadas ao Ministerio, se vai ter un problema porque cre que non se van a aceptar. Por outro lado, a praza de Información Telefónica habería que revisala porque entende que está "a extinguir". Solicita tamén que se revisen as prazas de Técnico Especialista de Biblioteca e Auxiliar de Servizos para ver si algunha se podería incluír na taxa de Estabilización.

O presidente da Xunta de PAS di que a Xunta de PAS tivo unha reunión para tratar o tema da OEP e discrepan da proposta de Xerencia. Considera que hai unha alta taxa de temporalidade ao redor do 13% e habería que tentar reducila ata o 8% segundo di o plan de Estabilización do emprego público. Continúa facendo un resumo do que establece a normativa para que unha praza se poida incluír na taxa de estabilización, isto é, que sexan prazas estruturais dotadas orzamentariamente, que non dea lugar a incremento da masa salarial e que estiveran ocupadas de forma temporal e

ininterrompidamente, alo menos nos 3 anos anteriores ao 31 de decembro de 2017. Ao seu xuízo hai 54 prazas que se poderían considerar para posible estabilización. Pon un exemplo concreto de 11 prazas no campus de Ourense que están ocupadas por interinos dende hai máis de tres anos e os titulares das prazas acadaron outra no concurso de xullo de 2017.

O Vicexerente de RRHH di que esas prazas non eran vacantes, alo menos ata xullo do 2017, e non ve claro que se poidan incluír.

O presidente da Xunta de PAS di que o Plan de Estabilización do emprego público fala de prazas “que estiveran ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente, alo menos nos 3 anos anteriores” non fala de vacantes.

A Xerenta entende o que propón o Presidente da Xunta de PAS e di que se vai facer a consulta tanto ao Ministerio de Facenda como a Función Pública da Xunta de Galicia.

O presidente da Xunta PAS conclúe con que nesa reunión non van facer unha proposta de prazas concretas senón que van a achegar por escrito o exposto ata agora. Queren reunirse co servizo de PAS para identificar correctamente as posibles prazas. Tamén propón que se inclúan na OEP 9 prazas de Facultativos de Arquivos, Bibliotecas e Museos e 4 do Grupo A1 todas elas para promoción interna.

O presidente do CEPO di que non acaba de ver claro o que propón o Presidente da Xunta de PAS, pero de ser posible, engade que no Persoal Laboral tamén se pode dar ese suposto e consideran que teñen entón que estudialo mellor.


O presidente do CEO tamén entende que se o plantexamento do Presidente da Xunta PAS cambiaría totalmente a reunión. Quere que a xerencia considere tanto baixar a temporalidade ao 8% como o que propón o Presidente da Xunta de PAS.

3. Rolda de intervencións.

Carlos Mollinedo pide un documento onde estean identificadas todas as prazas con interinos, vacantes etc

A Xerenta di que non hai problema para facilitalo. Pide que se fagan o antes posible as propostas para que o proceso non se retrase demasiado. Tentará que o antes posible se poida ter a vindeira reunión.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 12:00h

Three handwritten signatures in blue ink are visible at the bottom of the page. The first signature on the left is a large, stylized loop. The middle signature is a more complex, angular scribble. The signature on the right is a long, sweeping stroke that ends in a sharp point.

